LA VENTANA

# Quen fixo a lei fai a trampa

*Que será de nós*
*cando as lilas brancas*
*non floreen en primavera*

As follas do calendario, como os días, pasan tan rápido como pasa un eco de lúa, unha brisa mariña, unha silente bágoa, ou unha tenra caricia.

Hoxe 25 de novembro. Próximos estamos a outro Nadal. Aínda parece que foi onte o de 2013. Ben certo que o tempo semella unha fervenza que verte ao mar amores e desamores, praceres e desagrados, egoísmo, envexas e moitas ilusións. Días, meses, anos. Todo canto nace. Todo.

Tempo perdido, ou aproveitado. É cousa de cada quen. O tempo por máis que o intente non pode deterse, anque o gran Lucho Gatica pedíalle ao reloxo naquel sempre recordado bolero, que non marcara as horas. "Detén el tiempo en tus manos". Como eu digo falando entre amigos, o tempo é un bulebule.

Non, tal lles digo en tempo e espacio para nada envexo a Amancio Ortega, nin aos que están na lista dos máis ricos do mundo. O que si anhelo para todos é unha vida digna, libres de usurpadores, cínicos e mentireiros. Anhelo países gobernados por persoas intelixentes, humanistas, dialogantes, honrados e solidarios. Non é tanto anhelar, ou si?

Tampouco desexo estar en ninguna listaxe negra ou branca, de ninguna cor. A non ser nunha solidaria nas que estén as persoas de ben.

Son así de sensible, acostumoume o amigo Sidre. Doeríame moito (que lle vou facer) que a infanta Cristina tivese que sentar no banco dos acusados e saira culpada, e moito máis se tivera que ir a chirona.

E digo que me doería moito porque dona Cristina ten cara de boa persoa, está acostumada a vivir doutro xeito que nós e ela non pediu nacer Infanta.

E máis, doeríame se tivese que deixar o título nobiliario porque Infantas quedan poucas; semella estiveran en período de extinción, e iso, digo eu, habería que telo moito en conta. Meus pobres, ambos, Urdangarín tamén me da mágoa. Como ía pensar que sendo quen foi ía verse neste algareo. As malas compañas non levan a nada bo.

Despois de tanta desfeita política, corrupción, falta de postos de traballo, rebaixas sociais, reforma laboral feita por seres viles, de que se sorprenden que moitos millóns de cidadáns estamos que botamos lume.

Extráñanse baróns e baronesas e afines de bo vivir despois de facer caso omiso ás manifestacións (miles), despois de varear a quen pide pan e traballo, despois de que nos deixaron tirados no chan, abandonados, extráñanse digo, de que unha novísima formación política, de súbito, xurda e estea xa en intención de voto á súa altura.

De que se extrañan despois do abuso, despois de incumplir tantas promesas, despois de rírse de nós canto quixeron, despois do desastre ao que levaron á maioría do pobo. E pensarían que éramos parvos!!

*Non, tal lles digo en tempo e espacio para nada envexo a Amancio Ortega, nin aos que están na lista dos máis ricos do mundo. O que si anhelo para todos é unha vida digna, libres de usurpadores, cínicos e mentireiros. Anhelo países gobernados por persoas intelixentes, humanistas, dialogantes, honrados...*

*Extráñanse baróns e baronesas e afines de bo vivir despois de facer caso omiso ás manifestacións (miles), despois de varear a quen pide pan e traballo, despois de que nos deixaron tirados no chan, abandonados, extráñanse digo, de que unha novísima formación política, de súbito, xurda e estea...*



XOÁN A. GARCÍA LÓPEZ

O pobo traballador non quere seguir aturando tanto desmadre, a tantos indecentes canallas saqueadores de arcas públicas e privadas que logo as públicas teñen que repoñer. E o peor en moitos dos casos, baixo cobertura de impunidade dun poder político que non quere e dun poder xurídico que non pode.

A depravación e tal que semella epidemia. Hai persoas coas defensas moi baixas que teñen medo de contraer a enfermidade, ou sexa pillar xérmenes no seu débil organismo, e mencíñanse e toman alimentos especiais para contrarrestar. Outras abandónanse, que sexa o que Deus queira.

Se algún día alguén ten a canallesca desvergoña de roubar, róubese "a lo grande", para poder comprar conciencias e para contratar un bo equipo defensor, caso de ser pillado. Non recordo o dono da frase, nin recomendo tal acción.

Cando acabará a farsa, don Mariano? Mentir, finxir, fuxir, só serve para máis ensarillar a madeixa política. A actuación chulesca de tantos corruptos que saen dos sumidoiros e a deixadez do seu Goberno é un insulto á cidadanía e á Democracia.

En inverno os horizontes da vida están máis entre as propias paredes da casa. No meu caso, do meu taller das palabras. Que a palabra prevaleza sempre por riba do fanatismo e do odio. A partir da palabra sempre haberá un mundo tolerante.

## BUZÓN DEL LECTOR

### Todo falla

Ahora, que no hay nada que hacer , o por lo menos los que deben hacerlo no lo hacen, nos viene Felipe González y dice que se equivocaron con la entrada en Maastrich, porque no vieron la diferencias de las economías de los países que iban a formar Europa .¡Que linces ,dios! Entonces los únicos inteligentes fueron los ingleses. Si llegamos a esta conclusión, porque no seguimos aguas a la Pérfida Albión y nos dejamos de tonterías. La entrada en Maastrich, trajo como consecuencia el que no se pudiera pedir dinero a los bancos centrales, que en condiciones normales dejaban el dinero entre un 0.5 y 1.5 puntos de interés, pero no había que pedírselo a la banca privada, la cual cobra lo que le da la gana, por lo que los intereses suman cantidades bastante mayores que las que tendríamos que pagar si lo pidiésemos a nuestro banco central. Prohibió prohibir los paraísos fiscales, yo me hago una pregunta, supongámonos que España se hace paraíso fiscal, ¿Qué pasaría?. Otra maravillosa medida que Felipe y su maravilloso equipo no vio, o no quiso ver, es que Maastrich obligó a invertir en armamento. Zapatero, como siempre luciéndose, invirtió 30.000 millones en un armamento que ahora las más altas cúpulas militares lo tachan de inservible .Es evidente que la ley y la justicia están muy separados aquí en España, hasta el punto de que nadie se quiere coger los dedos tomando medidas que habrían de traer de cabeza a las grandes empresas y a los grandes magnates de este país. Supongamos que nacionalizamos la banca como se debe nacionalizar, o lo que es lo mismo, sanear un banco y que ese banco devuelva el dinero que se le ha prestado para su reflotación, teniendo en cuenta que es un empresa privada. Que nadie venga rasgándose las vestiduras porque eso se está haciendo ahora con la salvedad de que se les sanea y se les vuelve a entregar laos que los llevaron a la ruina, ¿Qué pasaría?, ¿Cuántos miles de millones tendrían que pagarnos? Es necesario un banco estatal que centralice los esfuerzos económicos de nuestra nación. Tenemos que concienciarnos, como ciudadanos, que somos una fuerza contra la que no puede nadie, y que solamente se están empeñando en hacernos creer que no se puede. Tenemos que dejar de lado las diferencias de todo tipo y mirar el fin común que es reflotar España. Pero como saben que eso es difícil, pues ya cuentan con nuestra derrota de ante mano, y hacen lo que quieren.

ANDRÉS NIDÁGUILA CASAL

## efemérides

**1491.** Acuerdo por el que Boabdil entrega Granada a los Reyes Católicos, último episodio de la Reconquista. La rendición del último reino árabe en la península se hizo efectiva el 6 de enero de 1492.

**1982.** Apertura de las primeras Cortes españolas de mayoría socialista.

**1986.** La Unesco declara Patrimonio de la Humanidad las ciudades de Toledo y Cáceres, el conjunto monumental mudéjar de Teruel y el Parque Natural de Garajonay.

**1992.** El Señado español aprueba la ratificación del Tratado de Maastricht.

**1996.** El dramaturgo Antonio Bueno Vallejo es galardonado con el Premio Nacional de las Letras Españolas.

**2009.** La Infanta Elena y Jaime de Marichalar acuerdan el divorcio de su matrimonio con la firma del correspondiente convenio regulador.

**2011.** El Gobierno indulta al consejero delegado del Banco Santander Alfredo Sáez.

## HORÓSCOPO

**Aries**
21 MARZO A 19 ABRIL
El día será de los mejores para y verá que hay una gran cantidad de sorpresas que llegarán a su vida. Disfrute de ellas, pues no todos los días son tan buenos.

**Tauro**
20 ABRIL A 20 MAYO
Los amigos serán ahora quienes le darán pequeños problemas y deberá intentar que esto no le afecte más de la cuenta. Debe hablar con ellos.

**Géminis**
21 MAYO A 20 JUNIO
No es la persona ideal para juzgar a nadie de su familia y, en vez de ser duro con esta persona, debería intentar ser comprensivo

**Cáncer**
21 JUNIO A 22 JULIO
Este asunto judicial que afectaba a alguien cercano y por el que estaban tan preocupados, hoy se solucionará y verá que las cosas saldrán bien para él.

**Leo**
23 JULIO A 22 AGOSTO
Empezará una etapa en la que se encontrarás mucho más fuerte y estar con su familia le ayudará a sentirse aún mejor. Es un buen día para estar con ellos.

**Virgo**
23 AGOSTO A 22 SEPTIEMBRE
Estaba esperando las noticias de una prueba que se hizo o un análisis y hoy le llegarán los resultados. Serán más satisfactorios de lo que esperaba en general.

**Libra**
23 SEPTIEMBRE A 22 OCTUBRE
Su familia siempre ha sido quien le ha ayudado y comprendido. No dude en recurrir a ellos cuando se sienta superado por un problema que le llegará.

**Escorpio**
23 OCTUBRE A 21 NOVIEMBRE
No se encuentras en una gran situación económica y no podrá ayudar a esta persona. Podrá ayudar, así que piense bien cómo.

**Sagitario**
22 NOVIEMBRE A 21 DICIEMBRE
Siempre ha tenido a la familia como apoyo cuando los ha necesitado y esta vez no será diferente. Con ellos, conseguirá todo lo que se proponga hoy.

**Capricornio**
22 DICIEMBRE A 19 ENERO
La energía no será algo que le durará fácilmente y verá que necesitará hacer esfuerzos para mantenerla en su cuerpo.

**Acuario**
20 ENERO A 18 FEBRERO
Se sentirá de lo más agobiado durante todo el día y, por mucho que lo intente, no va a desaparecer. Es un día en el que deberá buscar maneras de divertirse.

**Piscis**
19 FEBRERO A 20 MARZO
El agobio que le da el trabajo es algo que debe aprender a solucionar, pues no puede estar siempre pensando en ello. Afecta demasiado a su salud.